

Liñas de sentido da poesía galega das Avangardas

Luciano Rodríguez Gómez

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ GÓMEZ, LUCIANO (2011 [1983]). “Liñas de sentido da poesía galega das Avangardas”. *Nordés*: 12 (II Data), 27-29. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1814>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ GÓMEZ, LUCIANO (1983). “Liñas de sentido da poesía galega das Avangardas”. *Nordés*: 12 (II Data), 27-29.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



OLLO DE VIDRIO

LIÑAS DE SENTIDO DA POESÍA GALEGA DAS AVANGARDAS

Por LUCIANO RODRÍGUEZ GÓMEZ

Á hora de falar das liñas da poesía galega desta época (1920-1936), hai que ter presentes dous feitos importantes e cáseque simultáneos que marcan o camiño a seguir pola nosa lírica: o descubrimento dos Cancioneiros Medievais Galego-portugueses e o coñecemento e asimilación do espírito das avangadras europeas e americanas por algúns dos nosos poetas.

Aínda que xa hai referencias e se teñen publicado fragmentos dos Cancioneiros bastante antes de 1928, vai ser xustamente a partir desta data, gracias ás edicións preparadas por José Joaquim Nunes, en que a Literatura Medieval faga nacer para a Literatura Galega do XX o movemento poético denominando NEOTROVADORISMO.

1. NEOTROVADORISMO.

Xa Xohán Vicente Viqueira tiña imitado nalgunha composición a lírica medieval, pero quen pon en marcha o «neotrovadorismo» é Fermín Bouza-Brey. O descubrimento e divulgación da nosa lírica medieval botou a andar este movemento literario, esteticista e carente de compromiso. Aínda sendo un movemento mimético, temos de aceptar que tamén supón unha renovación en tanto que reacciona contra do ruralismo dalgúns poetas desta época que seguían anclados na estética dos mestres do século XIX.

A poesía neotrovadoresca caracterízase por unha extraordinaria perfección formal, pola recuperación dos procedementos estilísticos propios máis sobresaíntes da lírica medieval —paralelismo, refrán, Leixa-prén...— e está suxeita á estrofa, cómputo silábico e rima. Non obstante, isto non debe facer pensar que se trata dunha recuperación arqueolóxica, senón que hai unha asimilación do espírito dos cancioneros cunha sensibilidade do século XX. Ademais tamén se dá unha reivindicación —uso— das formas populares, sobre todo ritmos e metros. Precisamente por istoq tense relacionado o «Neotrovadorismo» co «Neopopularismo» dos primeiros libros de García Lorca, Rafael Alberti e Emilio Prados.

O «Neotrovadorismo» convírtese nunha moda asoballante e ten un gran número de cultivadores. Pero poucos poetas saen airoso deste xogo

literario. O máis representativo vai ser Álvaro Cunqueiro, dada a súa habilidade imitativa e a extraordinaria personalidade creadora, conseguirá o máximo logro co seu libro *Cantiga nova* que se chama *riveira* (1933).

Esta corrente poética non só se dá nos anos de preguerra, senón que salta o valo da guerra, e na posguerra imponse como unha actitude evasiva que adoptan os poetas diante da dura realidade, e representa a forma menos comprometida da reanudación do cultivo literario da nosa lingua.

Pero se no caso de Cunqueiro, Bouza e algúns poemas dos seus seguidores se logra algo auténtico e de calidade literaria, nos máis dos casos convírtese nunha pura repetición e forma fácil. Isto vai levar a que Xosé María Álvarez Blázquez poña fin a esta tendencia cando no ano 1953 publica o seu *Cancioneiro de Monfero*, que fai pasar por un *cancioneiro do século XIII*, convertindo así a imitación das cantigas —que nun primeiro momento foi auténtica creación— nun xogo creativo carregado de ironía.

2. HILOZOÍSMO.

Xunto co «Neotrovadorismo» xurde outra tendencia poética que vai ter non menos influxo e pervivencia. Ten o seu iniciador e principal executante na persoa de Luís Amado Carballo. O grande acerto da súa aportación á lírica vai vir dado pola sabia combinación das novas correntes das avangardas coas formas tradicionais da poesía galega.

Este movemento tamén foi denominado imaxinismo (polo seu afán de crear imaxes plásticas e gozosas), pero cremos que o calificativo que mellor lle acae é o de Hilozoísmo ou animismo, xa que se dá unha humanización da paisaxe; os elementos da natureza (camiños, árbores, fontes, animais, etc.) teñen vida humana, como se de persoas se tratara.

O Hilozoísmo asume a tradición paisaxística da Lírica do séc. XIX, sen rachar directamente con ela, combinándoa cos recursos metafóricos e as imaxes propias dos movementos de avangarda. Mantense a presenza da natureza, pero desbotando o pintoresquismo e o ruralismo de autores anteriores. As imaxes pasan a ser o centro do poema, e é de salientar o gusto pola metáfora audaz da filiación ultraísta. É unha poesía dunha plasticidade amable conseguida por medio do matiz, da insinuación, da suavidade, da pintura impresionista: combina elementos visuais e auditivos, pero o predominante é a cor.

Por canto á métrica cómpre precisar que é moi sinxela, baseada fundamentalmente nas formas populares: verso curto, predominando o octosílabo, a rima asoante, e non se concede unha grande atención á versificación, aínda que non se renuncia ó ritmo e nunca se dá o versolibrismo nos poemas desta tendencia.

O influxo de Luís Amado Carballo na historia da Lírica Galega foi moi grande; non só marcou aos autores da súa xeración, senón que se prolongou astra os anos 60, cando a poesía de denuncia —«social»— entra no panorama das letras galegas. De entre os compañeiros de xeración que experimentan este influxo hai que mencionar a Eduardo Blanco Amor, Augusto Casas, Eugenio Montes, Xullo Sigüenza, Manuel Luís Acuña, Florencio Manuel Delgado Gurriarán, Ánxel Sevillano...

3. CREACIONISMO.

Baixo este «ismo» temos de poñer a obra de Manuel Antonio. Non creou —por contra do «neotrovadorismo» e o «Hilozoísmo»— unha escola; a poesía de Manuel Antonio representa un fito aillado dentro da nosa literatura; representa un momento clave para o seu desenvolvemento: racha coa tradición anterior, propón unha renovación radical das nosas letras, foxe do tóxico temático da literatura anterior e percura a orixinalidade evitando o localismo; é un dos primeiros autores que tenta ser universal escribindo en galego. Para acadar isto adscíbese ás avangardas europeas, pero inclínase polo Creacionismo, movemento poético no que o autor prescinde de toda referencia ó real: o poema creacionista componse de imaxes e situacións «creadas» («Facer un poema como a natureza fai unha árbore», eis o credo do pai deste movemento, Vicente Huidobro), sen se preocupar pola realidade anterior á realización do poema; o poeta é un deus ao que ninguén lle pode poñer atrancos no momento da creación poética. Na poética creacionista a xustaposición de imaxes é o centro, a armazón do poema: a técnica creacionista xira arredor da imaxe como recurso cáseque exclusivo. Exclúe o sentimentalismo, aínda que Manuel Antonio non chegou a conseguilo plenamente. No caso do creacionismo do autor galego o poema nunca é un xogo, como con frecuencia ocorre nos ultraístas (de quen Manuel Antonio toma certos elementos), senón a expresión dunha vivencia. O sentimento reprímese, contense, por veces véncese, pero unha e outra vez aparece no poema. Elimina a musicalidade modernista e prescinde cáseque totalmente da rima.

4. SUPERREALISMO.

Alvaro Cunqueiro é, xunto con Manuel Antonio, o autor que máis directamente vive e participa dos movementos de avangarda. Se o rianxeiro introduce o «creacionismo», Cunqueiro —aparte da súa contribución ó «neotrovadorismo»— é o que introduce o Superrealismo nas letras galegas. Poemas do sí e non (1933) é o libro superrealista de Cunqueiro. Este poemario está escrito baixo o influxo da obra do francés Paul Eluard. Pero é o seu un superrealismo inxenuo, sentimental, sin chegar ó automatismo poético e libre do patetismo e dramatismo que vén caracterizando a un bo número de textos superrealistas. Outro autor que tamén sintoniza coa obra deste poeta francés é Aquilino Iglesias Alvariño, quen no seu segundo libro de poemas Corazón ao vento (1933) se aproxima ó superrealismo, anque tamén podemos atopar a pegada doutros «ismos», especialmente do Hilozoísmo; é máis, o título do libro tómao dun verso de Capitale de la douleur de Paul Eluard.

Estas son as directrices que levaba a nosa poesía da época de preguerra. Logo da guerra dos tres anos o panorama tiña, por forza, que cambiar e anque hai conexión coa poesía anterior como vimos no caso do «neotrovadorismo», o camiño a seguir era abondo distinto.